

## BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL NOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DO CONCELLO DO PORRIÑO NADAL 2022

### PRIMEIRA.- Obxecto

O presente concurso ten por obxecto visibilizar e apoiar ao noso comercio local, conseguindo así potenciar a actividade comercial a través dos escaparates e contribuíndo á mellora do ambiente de Nadal no concello do Porriño.

O Concello do Porriño é consciente do emotivas que son estas datas, polo que queremos valorar o traballo e o esforzo dos comercios, a súa presenza no día a día dos cidadáns e o seu labor de abastecemento durante todo o ano. Este ano foi e está sendo moi duro para o sector polo que este certame ten como obxectivo agradecer e motivar aos comercios para que, dalgunha forma, se vexa compensado o seu traballo.

No concurso valoraranse dous aspectos moi importantes:

- A parte comercial, é dicir, a estética e orixinalidade na decoración do escaparate.
- A parte sostible.

Neste contexto, convócase o devandito concurso de escaparates de Nadal conforme as seguintes bases.

O texto íntegro das bases publicárase na páxina web municipal: [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org)

### SEGUNDA.- Requisitos

Poderán participar todos aqueles establecementos comerciais e hostaleiros sitios no termo municipal do Porriño que deseñen os seus escaparates en torno á temática do nadal. No caso de que algún establecemento comercial non dispoña de escaparates valorárase a decoración da fachada do local comercial.

A decoración deberá ser realizada antes do día 2 de decembro e só se poderá presentar ao concurso un único proxecto por local comercial.

Os escaparates participantes dispoñerán da súa propia iluminación e/ou decoración nas condicións que permitan visualizar claramente o espazo decorado no seu conxunto polo público en xeral.

Os establecementos onde se sitúen as decoracións serán publicados na páxina web do Concello para que poidan ser contempladas por quen queira visitalas.

### TERCEIRA.- Temática

O motivo e a temática da decoración dos escaparates será única e exclusivamente o Nadal e deberá adecuarse aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).



O sector comercial do noso pobo é un elemento moi importante á hora de chegar á poboación e influír sobre determinados comportamentos. Por este motivo, o concurso de escaparates está orientado tanto a plasmar a festividade do Nadal como a potenciar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que forman parte da Axenda 2030.

Os obxectivos de Desenvolvemento Sostible son os seguintes:



#### CUARTA.- Lugar e prazos de inscrición

A inscrición é totalmente gratuíta e deberá realizarse mediante o envío do anexo I ao seguinte correo electrónico:

[registro@oporrino.org](mailto:registro@oporrino.org)

O prazo da inscrición é do 21 de Novembro ao 2 de decembro.

#### QUINTA.- Premios e categorías

Establécense dúas categorías:

1. Votación do xurado. O xurado valorará os escaparates en función do establecido no apartado sexto destas bases.
2. Votación popular. Expoñeranse as fotografías dos escaparates participantes tanto na páxina web como nas redes sociais do Concello.

A votación estará habilitada dende o 3 de decembro ao 3 de xaneiro. A suma total das votacións recibidas determinará o/a gañador/a.

A contía dos premios será a que se indica a continuación:

- Primeiro premio: 1200,00€
- Segundo premio: 800,00 €
- Terceiro premio: 500.00 €
- 6 mencións especiais de 250,00 € cada unha.



A forma de abono dos premios realizarase mediante transferencia bancaria.

#### **SEXTA.- Xurado**

O xurado estará composto por:

1. Un representante do Concello do Porriño.
2. Un máximo de tres representantes dos comercios.
3. Un máximo de tres representantes doutras entidades, asociacións ou organizacións que queiran formar parte do concurso.

Polo tanto, o xurado estará conformado por un máximo de sete persoas .Sendo estas independentes e non vinculadas ao concurso de forma directa.

O xurado está obrigado a recorrer todas as tendas que estén participando no concurso a partir do 13 de decembro. Para iso facilitaráselle un documento de valoración dos escaparates que deberá cumprimentar.

O xurado valorará os escaparates tendo en conta os seguintes criterios (máximo 100 puntos):

1. Composición e deseño (15 puntos)
2. Calidade e harmonía (15 puntos)
3. Iluminación (15 puntos)
4. Creatividade e orixinalidade (15 puntos)
5. Exposición dos produtos (15 puntos)
6. Integración dos Obxectivos de desenvolvemento sostible (15 puntos).

No caso de empate, o premio repartirase proporcionalmente entre os/as gañadores/as.

O fallo do xurado darase a coñecer a través dos medios de comunicación, da páxina web do Concello do Porriño e nas correspondentes redes sociais. Ademais será comunicado a través do correo electrónico e/ou chamada telefónica ás persoas e establecementos galardoados.

#### **SÉPTIMA.- Veredicto**

O resultado será a suma dos votos do xurado e popular, que se dará a coñecer a través dos medios de comunicación, da páxina web do Concello do Porriño e das correspondentes redes sociais. O acto de entrega dos premios desenvolverase o día 5 de xaneiro e terá lugar na praza Arquitecto Antonio Palacios.

#### **OITAVA.- Compromiso**

A inscrición no concurso implica a autorización a tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais, as cales poderán ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais. Así mesmo, o establecemento comprométese a ter o escaparate visible ao público ata as 22:00 horas dende o 13 de decembro do 2022 ata o 8 de xaneiro do 2023.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e sometemento expreso das decisións interpretativas das mesmas que efectúe a organización. A



organización resérvase o dereito a descartar aos participantes que incumpran as mesmas e, especialmente, calquera participación que vaia en contra destas bases.

Coa aceptación destas bases os participantes comprenden os termos e condicións das mesmas e comprométese a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación a este respecto, de modo que, polo simple feito de participar no concurso están prestando o seu consentimento a someterse ás bases e legalidade de forma total e irrevogable.

A manifestación en contrario do participante, independentemente do momento no que se realice, implicará a autoexclusión do concurso e a liberación da organización de calquera compromiso adquirido co participante.

Calquera imprevisto non contemplado nestas bases será resolto pola organización.



## ANEXO I.- INSCRICIÓN CONCURSO DE ESCAPARATES E MOTIVOS NAVIDEÑOS

### INSCRICIÓN

#### DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL:

Nome comercial do establecemento: \_\_\_\_\_

Dirección do establecemento: \_\_\_\_\_

Teléfono fixo/móbil: \_\_\_\_\_

#### DATOS DO SOLICITANTE/TITULAR/PROPIEDAD

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

N.I.F.: \_\_\_\_\_ Domicilio: \_\_\_\_\_

Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

De conformidade coa lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, lle informamos que os datos recollidos na presente solicitude de inscrición, serán incorporados a un ficheiro de responsabilidade do Concello do Porriño, coa finalidade de que vostede poida participar no CONCURSO DE ESCAPARATES E MOTIVOS NAVIDEÑOS 2022. Llle informamos que os seus datos van ser publicados na páxina web do concello como participante e, en todo caso, como finalista ou gañador/a de dito concurso.

Asimesmo, tendo en conta que para promocionar o concurso van a publicarse imaxes nas que vostede poida aparecer, solicitamos, de conformidade coa lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe, o seu consentimento para utilizar as imaxes captadas

- Autorizo
- NON Autorizo

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos que establece na lei a seguinte dirección: Praza de Antonio Palacios, s/n, CP 36400, O Porriño.

Mentres non se nos comunique o contrario entenderemos que os seus datos están actualizados. No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, pedimos que o comunique debidamente por escrito coa finalidade de manter a información actualizada.

Coa firma da presente solicitude de inscrición, entendemos que presta o seu consentimento para o tratamento dos seus datos dacordo cos termos xa expresados.

Coñecendo a normativa de referencia, así como as bases legais do concurso, acepto o compromiso de someterme as mesmas

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2022

Asinado

